

## PROPOSTAS E SUXESTIÓNS

1. **Mostrar seguridade e confianza na escola.**
2. **Crear actitudes positivas respecto á escola:** comentar co neno/a as actividades que vai realizar, os xoguetes e materiais que atopará na escola e no patio, así como os compañeiros/as que terá.
3. **Non facer comentarios negativos sobre a escola:** non ameacen coa escola coma se fose un lugar onde terá que seguir unhas normas máis estrictas que na casa.
4. **Intercambiar co mestre/a toda a información** que facilite un mellor coñecemento dos nenos/as. **Asistan ás reunións e entrevistas.**
5. **Acudir á titora/titor** cando lles xurda calqueira dúbida ou inquedaanza sobre o seu fillo/a.
6. **Dar importancia ás actividades cotiás** que o seu fillo/a lles conte.
7. **Fomentar a non violencia**, dende a escola e a casa, temos que educar para resolver conflitos de forma pacífica, sen empregar a violencia.

## NORMAS IMPORTANTES

1. **Non mercar mandilón** (informarase na reunión inicial).
2. **Roupa axeitada:** cómoda, pantalóns sen tirantes nin cinto, mellor con goma, que lles sexa sinxelo baixar e subir para ir ao baño.
3. **Roupa marcada co nome:** abrigo, chaqueta, bolsa merenda.
4. **Calzado** con velcro, mellor sen cordóns.
5. **Puntualidade:** tanto nas entradas como nas saídas.
6. **Enfermidades:**
  - a) Enfermo/a non acudirá á escola, por él/ela e polos seus compañeiros/as.
  - b) Con febre non irá á escola
  - c) **Programa Alerta Escolar.** Se o seu fillo/a ten algunha alerxia, epilepsia ou diabete, por exemplo, deben comunicalo ao centro antes de comenzar o curso.
7. **Alimentación:**
  - a) Non deberá ir á escola sen almorzar.
  - b) Levará comida sá para a merenda.

## HÁBITOS

1. **Sono:** o neno/a deberá deitarse cedo e ter un hábito de sono regular.
2. **Autonomía persoal:** deberá ser quen de: abotoar e desabotoar a chaqueta, poñer e quitar a chaqueta, ou o abrigo e subir e baixar os pantalóns.
3. **Hixiene:** deberá aprender a: soarse, lavar as mans e a cara e a ir só ao baño e limparse despois. Deberá controlar esfínteres e vir sen cueiro.
4. **Recoller:** afacelo/a a recoller as súas pertenzas, coma os xoguetes despois de utilizalos, e/ou colaborar en tarefas sinxelas na casa.

## NOTA IMPORTANTE:

Precisamos ter os seus **números de teléfonos** actualizados para localizalos se houbese algunha **urxencia.**

## PERÍODO DE ADAPTACIÓN

O xoves 5 de setembro ás 10:30, haberá unha reunión para as familias dos nenos e nenas de 3 anos que chegan por primeira vez á escola.

Informaremos, entre outras cousas, do período de adaptación no que se establecerán horarios distintos ao resto do alumnado do colexio e que abranguerá do 11 ao 17 de setembro (ambos inclusive).

## **C.E.I.P. PLURILINGÜE CARDEAL QUIROGA PALACIOS**

Avda. Villaldía 33-35

15706 Santiago de Compostela

tlf: 981543181

correo:

[ceip.cardeal.quiroga@edu.xunta.gal](mailto:ceip.cardeal.quiroga@edu.xunta.gal)

[http://www.edu.xunta.es/centros/  
ceipcardealquiroya](http://www.edu.xunta.es/centros/ceipcardealquiroya)

## **C.E.I.P. PLURILINGÜE CARDEAL QUIROGA PALACIOS**

CURSO 2024/2025

